

Mobilización da plantilla de Alfageme

O próximo xoves, **8 de marzo, ás 11:30 horas**, terá lugar unha concentración de traballadoras da empresa conserveira **ALFAGEME**, da comarca de Arousa, **diante do edificio do Banco Popular, no Cantón Grande, número 5, da Coruña**. O motivo da concentración é esixir o desbloqueo da situación da empresa ante o Xulgado do Mercantil 3 de Pontevedra, coa sinatura, por parte da Banca e da Xunta de Galicia dun documento coas garantías suficientes para que o cadro de persoal se incorpore inmediatamente aos seus postos en Vilaxoán e Rubadumia nas condicións pactadas co Consorcio, o grupo conserveiro cántabro interesado en poñer en marcha a produción nas dúas factorías.